

A Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega homenaxeará Eva Veiga

Basim Mohammad Saleh Adeeb Al-Khandaqji designado "Escritor Galego Universal" de 2026.

Redacción 07 de marzo de 2026

<https://www.nosdiario.gal/articulo/cultura/asociacion-escritoras-escritores-lingua-galega-homenaxearea-eva-veiga/20260307191732249647.html>

A asemblea xeral da **Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega** (AELG) desenvolvida este sábado sete de marzo na sede da Fundación Granell de Compostela valorou a actividade desenvolvida pola entidade no pasado ano e marcou as liñas de actuación para 2027.

A entidade acordou que a poeta **Eva Veiga** sexa a autora homenaxeada como “Escritora na súa Terra – Letra E” en 2027. O galardón busca recoñecer a actividade literaria de autores en lingua galega, chegando este ano a súa XXI edición.

Os actos en homenaxe a Eva Veiga desenvolveranse no mes de xuño en **Pontedeume**, na comarca do Eume. Veiga é unha das poetas máis recoñecidas da literatura galega contemporánea, destacando pola súa intensa e fonda obra.

A asemblea xeral da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega decidiu, tamén, nomear o "Escritor Galego Universal" de 2026 ao poeta palestino **Basim Mohammad Saleh Adeeb Al-Khandaqji** como "mostra de admiración e profundo respecto pola súa persoa e polo traballo desenvolvido na defensa da literatura e a dignidade nacional de Palestina".

Obradoiros literarios

O colectivo decidiu dar continuidade a diversas entidades de traxectoria xa asentada e de alcance social como son os paseos literarios ou os obradoiros da **Escola de Escritoras e Escritores da AELG**.

Unha das decisións da asemblea desenvolvida este sábado é reforzar a sección de literatura de tradición oral coa celebración dunha nova Gala dos **Premios Mestres e Mestras da Memoria**, a través da celebración doutra polafía.